

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIOAMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NOS SERVIZOS XERAIS E DE INVESTIGACIÓN: BIBLIOTECA CENTRAL, CACTI, ECIMAT, MTI, EDIFICIO DE XERENCIA (SERVIZOS XERAIS), REITORÍA, PARQUE MÓVIL, TORRE MÓDULO 2 E 5 E SERVIZO DE DEPORTES (EXCEPTO NOVO CACTI-CINBIO-ANIMALARIO)

Exp. número 309/20

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Con data 13 de xullo de 2020 formalizouse un contrato administrativo coa empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A. para executar a prestación do SERVIZO DE LIMPIEZA RESPECTUOSO CO MEDIOAMBIENTE E COA SEGURIDADE e SAÚDE LABORAL NOS SERVIZOS XERAIS E DE INVESTIGACIÓN: BIBLIOTECA CENTRAL, CACTI, ECIMAT, MTI, EDIFICIO DE XERENCIA (SERVIZOS XERAIS), REITORÍA, PARQUE MÓVIL, TORRE MÓDULO 2 E 5 E SERVIZO DE DEPORTES (EXCEPTO NOVO CACTI-CINBIO-ANIMALARIO) (expediente 309/20) . O prezo do contrato é de 505.331,71 euros (IVE a soportar de 106.119,66 euros). O importe do contrato ratearase en doce mensualidades. O prazo de execución do contrato é dun ano a partir do día 1 de agosto de 2020, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de catro anos. Con data 6 de maio de 2021 asinouse prórroga do contrato por un ano máis, ata o día 31 de xullo de 2022.

SEGUNDO: Con data 20 de outubro de 2021 a Vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais, Patricia Valcárcel Fernández, emitiu o seguinte informe en relación coa necesidade de modificar o citado contrato e a razón de interese público que a motiva:

“Unha vez incorporado plenamente o MESOCOSMOS no funcionamento habitual do ECIMAT resulta necesario integrar os servizos de limpeza do mesmo no contrato xeral de limpeza das devanditas instalacións. Así, o 15 de outubro de 2021 recibese solicitude por parte de D. Jose Manuel García Estévez, Director da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, comunicando que con motivo da posta en marcha dunha instalación anexa á ECIMAT, faise necesario dispoñer do seu correspondente servizo de limpeza para os seguintes espazos, un laboratorio de 14,5 m2, un aseo de 4,2 m2 e unha antesala de 12,79 m2, localizados na citada nova instalación. Recibida a solicitude, pediuse orzamento á Lacera Servizos de Mantemento SA, que é a entidade que se fai cargo da limpeza do lote no que está incluído a ECIMAT.

Os datos que a que se tiveron en conta a ter en conta foron os seguintes:

1. Locais: INSTALACIÓNS MESOCOSMOS. Edificio: Anexo ao ECIMAT:

a. un laboratorio de 14,5 m2,

b. un aseo de 4,2 m2,

c. unha antesala de 12,79 m2,

2. Nº horas de limpeza: 9 horas semanais

3. Horario: o habitual en ECIMAT

4. O orzamento presentado ascende ao importe mensual de 675,73 (IVE excluído).

Á vista do anterior solicítase a incorporación da limpeza do Mesocosmos ao Lote correspondente a ECIMAT, do que actualmente se está facendo cargo a empresa Lacera Servizos de Mantemento S.A”.

TERCEIRO: Con data 25 de outubro de 2021 a Vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais, Patricia Valcárcel Fernández, emitiu o seguinte informe en relación coa necesidade de modificar o citado contrato e a razón de interese público que a motiva:

“A limpeza do edificio Miralles estaba ata a data sendo atendido por Cidade Universitaria, S.A. (CUSA). Considerando que cada entidade ten que facerse cargo da limpeza das instalacións das que é titular, e á vista de que CUSA vai proceder á licitación do contrato de servizos de limpeza das súas instalacións, considérase necesario que a Univesidade de Vigo asuma neste momento a xestión da limpeza do edificio Miralles, así como a do teatro Roberto Bolaños, xestión que acometerá de xeito indirecto.



Ata a data, a limpeza contratada por CUSA, incluída na do edificio Miralles e teatro Roberto Bolaños, a realizaba a empresa Samain Servizos á Comunidade, S.A., que era a adxudicataria da licitación convocada ao efecto. En concreto, a limpeza do edificio Miralles a realizaba unha traballadora.

Tendo en conta ese dato, e ao obxecto de causar o menor inconveniente posible á traballadora, parece oportuno que agora a Universidade de Vigo asuma a limpeza do edificio Miralles e a do teatro Roberto Bolaños, se integre este no lote que ten adxudicado a empresa Lacera Servizos y Mantenimento, S.L., á cal solicitouse o orzamento oportuno e manterá nese posto á traballadora que viña realizando a limpeza do edificio Miralles e teatro Bolaño.

O orzamento presentado ascende ao importe anual de 25.045,68 euros sen IVA, o que corresponde cun importe mensual de 2.279.05 euros, IVE excluído”.

CUARTO: Os artigos 191 e 207 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), o artigo 102 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos pola Universidade de Vigo regulan o procedemento de modificación dos contratos. O artigo 207 do LCSP dispón o que segue:

“Antes de proceder á modificación do contrato conforme o disposto no artigo 205, deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes preparáronse por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

3. Os órganos de contratación que modifiquen un contrato que estea suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberán publicar no «Diario Oficial da Unión Europea» o correspondente anuncio de modificación conforme ao establecido nesta Lei. Así mesmo os órganos de contratación que houberen modificado un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, no seu caso, solicitáronse con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación”.

QUINTO: O artigo 109.3 da LCSP dispón que: *“Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación”.*

SEXTO: O artigo 205 da LCSP prevé as **modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares.**

“1. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

2. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

*(...) c) **Cando as modificacións non sexan substanciais.** Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes: (i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou **dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos,** ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.*



A causa obxectiva que fai necesaria esta modificación incardínase dentro do obxecto do contrato, e no lote do expediente administrativo que está relacionado cos fins aos que están destinados os edificios que se integran nese lote, como son os servizos de carácter xeral e de investigación.

SÉTIMO: Segundo o antedito, e considerando que o inicio da modificación para a limpeza do edificio Miralles, teatro Roberto Bolaño e novo edificio mesocosmos do ECIMAT levarase a cabo a partir do vindeiro día 1 de xuño de 2022, o importe do contrato incrementarase na cantidade de 33.181,40 euros anuais sen IVE, tendo en conta as condicións da oferta presentada pola empresa adxudicataria na licitación do expediente de contratación, e que se reflicten no anexo C-I: “*IMPORTE OFERTA ECONÓMICA (IVA excluído): 17,28 euros/hora*”. Na seguinte táboa móstranse os cálculos:

EXPEDIENTE 309/20	
Prezo inicial anual do contrato sen IVE	505.331,71
Oferta prezo hora IVE excluído	17,28
Número de horas mensuais edificio Miralles e teatro Roberto Bolaños	120,83
Importe mensual da modificación do edificio Miralles e teatro Roberto Bolaños (sen IVE)	2.087,95
Importe anual da modificación do edificio Miralles e teatro Roberto Bolaños (sen IVE)	25.055,34
Número de horas mensuais do Edificio Mesocosmos do ECIMAT	39,19
Importe mensual da modificación do Edificio Mesocosmos do ECIMAT (sen IVE)	677,17
Importe anual da modificación do edificio Mesocosmos do ECIMAT (sen IVE)	8.126,06
IMPORTE MODIFICACIONES TOTAL	33.181,40
PORCENTAXE DA MODIFICACIÓN NON PREVISTA	6,57%

Vistos os antecedentes administrativos, cumpridos os requisitos procedimentais regulados nos artigos 102, 191 e 207 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o artigo 102 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 19.3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos pola Universidade de Vigo, este órgano de contratación, unha vez efectuada a reserva de crédito con cargo ao exercicio 2022, na partida orzamentaria 0000 311V 22700, por un importe de 3.345,80 euros mensuais IVE engadido, acorda ditar a seguinte,

RESOLUCIÓN:

1. Autorizar a modificación do contrato correspondente ao SERVICIO DE LIMPIEZA RESPETUOSO CON EL MEDIOAMBIENTE Y CON LA SEGURIDAD Y SALUD LABORAL EN LOS SERVICIOS GENERALES Y DE INVESTIGACIÓN: BIBLIOTECA CENTRAL, CACTI, ECIMAT, MTI, EDIFICIO DE GERENCIA (SERVICIOS GENERALES), RECTORADO, PARQUE MÓVIL, TORRE MÓDULO 2 Y 5 Y SERVICIO DE DEPORTES (EXCEPTO NUEVO CACTI-CINBIO-ANIMALARIO) (expediente 309/20) para incorporar ao mesmo a limpeza do edificio Miralles, teatro Roberto Bolaños e Edificio Mesocosmos do ECIMAT, por un importe total de 6.691,59 euros IVA engadido para atender as necesidades previstas nos meses de xuño e xullo de 2022, nas mesmas condicións técnicas previstas no expediente de contratación número 309/20 e tendo en conta que estas variacións son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que fai necesaria esta modificación. No edificio Miralles no se inclúe a limpeza anual con plataforma elevadora das ventás traseiras do edificio.
2. Autorizar a incorporación da traballadora que actualmente presta os seus servizos para a mercantil SAMAIN SERVICIOS Á COMUNIDADE, S.A., no edificio Miralles, cuxo CAF é 361032327354, para executar a súa prestación no mesmo edificio, e no expediente de contratación número 309/20, polo que a empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A., terá que subrogala ao amparo do disposto na normativa tanto laboral como de contratación que resulta de aplicación.
3. Ordenar o reaxuste da garantía por un importe de 1.659,07 euros.

Esta modificación do contrato administrativo surtirá efectos dende o día 1 de xuño de 2022.



Esta resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderán os interesados interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso –administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao do recibo da notificación da mesma. Non obstante os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte a súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, e neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso – administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Firmado electronicamente en Vigo 2022

O REITOR

Por delegación

(R.R. 26/05/20 - DOG do 04/06/20)

A XERENTA

Raquel María Souto García

